EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DA UNIDADE 10

As actividades que se che propoñen abaixo tes que realizalas unha vez teñas aprendido o tema, sen mirar a proposta do profesor. Tes que ler e entender o que se che pide antes de escribir, e ter en conta as orientacións. Tamén é importante que redactes con corrección.

1. **Comentario dunha imaxe:**

-Cartel de Camilo Díaz Baliño a favor do SI no referendo do Estatuto (1936)

1. Sitúa o cartel na seu contexto histórico: autonomía de Galicia na II República.
2. Explica as orixes da loita polo Estatuto galego durante a II República e os protagonistas da mesma.
3. Comenta as características do plesbicito do 36 e os seus resultados.
4. Valora a trascendencia do Estatuto: a súa vixencia e a súa importancia no proceso autonómico posterior á morte de Franco.

PROPOSTA DO PROFESOR

O cartel de Díaz Baliño forma parte do conxunto de carteis realizados por unha serie de artistas (Seoane, Castelao, etc.) comprometidos co nacionalismo galego e a aprobación do estatuto de autonomía de Galicia durante a campaña do referendo celebrado o 28 de xuño de 1936. Pide o Si unha muller co escudo de Galicia (símbolo da propia Galicia) que leva nunha man unha roda mecánica (símbolo da industrialización) e na outra unha rama (símbolo da agricultura). O campo e a cidade, a industria e a agricultura, é dicir toda Galicia, necesita o Estatuto, é a mensaxe que quere transmitir.

A aprobación do Estatuto de Autonomía foi o principal obxectivo dos nacionalistas galegos durante a II República. A finais de 1931, persoeiros e grupos galeguistas fundaron o primeiro partido nacionalista galego: o Partido Galeguista. Entre os fundadores destacaron Castelao e Bóveda. Na primeira etapa de elaboración do Estatuto a iniciativa recaeu na Federación Republicana Galega (FRG), plataforma política formada por personalidades e partidos republicanos galegos: ORGA (Organización Republicana Galega Autónoma), Partido Radical, etc. que deixou de existir en 1932. A partir de aquí o protagonismo foi para o Partido Galeguista.

A Constitución republicana de 1931 permitiu a formación de autonomías dentro do estado español para superar as tensións nacionalistas. Sen embargo, a aprobación dos estatutos de autonomía requiría cumprir uns trámites que retardaban a súa aprobación e deixaba a última palabra en mans do Congreso de Deputados. O texto do estatuto tiña que ser aprobado pola maioría dos concellos ou os que comprenderan as dúas terceiras partes do Censo electoral, despois ser ratificado en referendo por máis das dúas terceiras partes do electores. E, finalmente, aprobado polas Cortes.

A iniciativa do concello de Santiago co seu alcalde Ánxel Casal á cabeza, fóronse redactando e aprobando os artigos do Estatuto de Autonomía nunha serie de reunións de concellos. O texto definitivo non se aprobou ata unha asemblea de municipios celebrada en Santiago en decembro de 1932. O triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 paralizou todo o proceso.

En 1936 o Partido Galeguista integrouse na coalición de esquerdas, a Fronte Popular, baixo a promesa de apoio ao Estatuto por parte dos dirixentes dos outros partidos coligados. Tras o triunfo da Fronte Popular en febreiro, celebrouse o referendo o 28 de xuño de 1936, sendo aprobado por unha maioría case que absoluta: 74,52% de

participación e 99% de votos afirmativos. Estes resultados tan esaxerados son pouco cribles, e crese que houbo un fraude electoral masivo motivado pola necesidade dunha gran maioría (dous terzos) para poder continuar adiante co proceso autonómico.

O 15 de xullo foi presentado na Cortes para a súa discusión e aprobación definitiva. Tres días despois a sublevación militar dominou en poucos días Galicia. As Cortes republicanas trasladadas a Cataluña debido á guerra admitiron a tramitación do Estatuto pola insistencia de Castelao. Foi un xesto máis simbólico que real, xa que o Estatuto non se aprobou ata a unha reunión das Cortes no exilio en México, e non chegou a estar vixente. Ao igual que outros moitos galeguistas (Bóveda, Ánxel Casal...), Díaz Baliño foi asasinado polas autoridades franquistas en 1936. A 'longa noite de pedra' que supuxo a Ditadura franquista non permitiu a formación da autonomía galega ata 1981, pero a existencia do Estatuto do 36 permitiu que Galicia fose considerada pola Constitución de 1978, unha nacionalidade histórica.

2. Relacionar conceptos

- Relaciona os conceptos de cada grupo mediante frases claras e coherentes que expliquen a relación histórica que hai entre eles.

A. Ditadura de Primo de Rivera- Unión Patriótica- Fascismo italiano

B. Pacto de San Sebastián- Monarquía- Eleccións municipais de abril de 1931

C. Mulleres- Sufraxio- II República

D. Igrexa- Constitución de 1931

E. Reforma Agraria- Xornaleiros- Conflitividade social

F. Bienio de Dereitas- CEDA- Revolución de outubro

Proposta do profesor

A. Ditadura de Primo de Rivera- Unión Patriótica- Fascismo italiano

A Ditadura de Primo de Rivera foi a resposta de forza apoiada por amplos sectores da sociedade para restaurar a orde perdida nos últimos anos da Restauración. Iniciouse coma un réxime transitorio que, despois dun breve período de rexeneración da vida política, deixara paso de novo á legalidade constitucional. Sen embargo, o Ditador deu pasos cara a institucionalización e perdurabilidade do réxime, creando por exemplo un partido único (a Unión Patriótica) en 1924. Na creación do partido e noutras medidas, como a creación de Asemblea Nacional ou a Organización Corporativa, tomou como modelo o Estado fascista italiano, que controlaba o país transalpino desde 1923. O intento de perpetuar a Ditadura fracasou ante a falta de apoios, e en xaneiro de 1930 Primo de Rivera dimitiu e marchou ao exilio.

B. Pacto de San Sebastián- Monarquía- Eleccións municipais de abril de 1931

O intento de salvar a Monarquía que fixeron os gobernos de Berenguer e Aznar despois da dimisión de Primo en xaneiro de 1930, fracasou ante o aumento da oposición republicana. O desprestixio do rei despois da súa vinculación coa Ditadura non lle deixaba moita marxe de manobra. En agosto de 1936 reuníronse en San Sebastián representantes da oposición á Monarquía (republicanos, socialistas, nacionalistas) que asinaron un documento, Pacto de San Sebastián, onde se comprometeron a loitar para derrocar á Monarquía e establecer a república. Intentaron unha sublevación en decembro de 1931, que fracasou e supuxo o fusilamento dos capitáns de Jaca, Galán e García Hernández, e o encarceramento do Comité Revolucionario constituído en San Sebastián. Cando os resultados das eleccións municipais de abril de 1931 (convocadas polo Goberno de Aznar para iniciar o retorno ao sistema constitucional de 1876) deron o triunfo ás candidaturas republicanas nas cidades, o rei viuse obrigado a abdicar e partir ao exilio, mentres o Comité asumía o poder.

C. Mulleres- Sufraxio- II República

Cando se proclamou a II República as mulleres padecían unha evidente discriminación legal e social. Coas medidas tomadas no primeiro Bienio, partindo da propia Constitución de 1931 onde se proclamaba que “todos os españois son iguais ante a lei”, as mulleres viviron un avance sen precedentes na conquista da igualdade. A consecución do sufraxio feminino estivo chea de polémica entre os propios partidos da coalición de esquerdas.

Deputadas como Victoria Kent e Margarita Nelken (as mulleres non tiñan dereito a votar pero podían ser elixibles) opúñanse á concesión do voto ás mulleres pois consideran que aínda non estaban preparadas para exercelo e serían manipuladas polos curas e outros elementos reaccionarios. Fronte a elas alzouse Clara Campoamor que, case en solitario, conseguiu que as Cortes aprobasen o sufraxio feminino en outubro de 1931. Ademais do voto houbo outras melloras lexislativas moi transcendentes: igualdade xurídica, matrimonio civil, divorcio, educación igualitaria, acceso a calquera cargo público, etc. Co triunfo dos franquistas na Guerra Civil todos estes avances abolíronse e as mulleres volveron a ser tratadas como seres inferiores.

D. Igrexa Católica- Constitución de 1931

A Igrexa católica constituía un poder histórico en España e gozaba de importantes privilexios sociais e económicos cando se proclamou a República. Os republicanos eran partidarios da separación da Igrexa e do Estado, e así o estableceron na Constitución de 1931. Sen embargo foron máis alá na regulación do laicismo do Estado (artigos 26 e 27): extinción do orzamento do clero, prohibición ás ordes relixiosas (non aos seus membros) de ensinar e de realizar actividades económicas, expulsión dos xesuítas e secularización dos cemiterios. Moitos deputados negáronse nin tan sequera a votar estes artigos e a Igrexa púxose desde o principio radicalmente en contra do novo réxime, e a dereita utilizou a cuestión relixiosa coma argumento principal para negarse a aceptar as leis aprobadas durante o Primeiro Bienio. O extremismo antirepublicano da Igrexa católica culminou no seu apoio á 'cruzada' franquista.

E. Reforma Agraria- Xornaleiros- Conflitividade social- Bienio Progresista

No Bienio Progresista aprobáronse unha serie de medidas encamiñadas a mellorar a situación dos traballadores, aínda que a lentitude das reformas e o empeoramento da situación das clases baixas polos efectos da crise do 29, fixeron que a conflitividade social fose en aumento. O sindicato anarquista, a CNT, non colaborou coas autoridades e lanzou constantes movementos revolucionarios, aos que en moitas ocasións se sumou o sindicato socialista, a UGT, presionada polos seus militantes. Un dos sectores onde eran máis necesarias as reformas era a agricultura. A Lei de Reforma Agraria aprobouse en setembro de 1932 pero careceu de medios para ser efectiva. Foron moi poucos os xornaleiros asentados coa nova lei, e isto propiciou conflitos xeneralizados no campo,

entre os que destacou a matanza de Casa Viejas que mesmo causou a ruptura da coalición republicano-socialista.

F. Bienio de Dereitas- CEDA- Revolución de outubro

A pesar de que a CEDA (Confederación Española de Derechas Autónomas) liderada por Gil Robles foi a candidatura máis votada nas eleccións de 1933, non entrou no goberno xa que a súa fidelidade á República era cuestionada. O Partido Radical de Lerroux foi o encargado de formar goberno, encabezando o desmantelamento da obra lexislativa da conxunción republicanosocialista, que foi o caracterizou a política dos gobernos durante o Bienio de Dereitas. En outubro de 1934 a CEDA entrou no goberno, e isto provocou o estalido da revolución antifascista organizada polas Alianzas Obreiras en distintos puntos de España. A Revolución de Outubro só triunfou durante dúas semanas en Asturias, onde os anarquistas tamén se sumaron aos outros grupos obreiros. A represión foi durísima, e milleiros de persoas foron detidas. A amnistía para os presos de outubro foi un do obxectivos fundamentais da esquerda unida na Fronte Popular.